

Lingua galega

O galego é unha lingua románica, propia de Galicia, onde é oficial xunto co castelán. A parte de Galicia, a lingua fálase tamén en territorios limítrofes con esta comunidade. Está estreitamente emparentada co portugués, coa que formou unidade lingüística, o galaico-portugués, lingua desenvolvida durante a Idade Media na provincia romana da Gallaecia.

Extensión

O galego fálase en Galicia, onde é a lingua oficial xunto co castelán. Tamén se fala e permítese o seu ensino reglado no occidente da comarca do Bierzo (provincia de León) e nunha zona da provincia de Zamora, chamada As Portelas, que comprende os concellos de Porto, Pías, Lubián e Hermisende, sendo parcialmente galegofalante Pedralba de la Pradería, onde só é falado na pedanía de Calabor.


Tamén é falado en 19 concellos limítrofes do Principado de Asturias, pertencentes á Terra Eo-Navia onde se chama eonaviego ou galego-asturiano (no sentido de galego falado no territorio de Asturias).

En tres concellos estremeños, na fronteira con Portugal, do Val de Xálima (San Martín de Trebello, As Ellas e Valverde do Fresno), na provincia de Cáceres, fálase a Fala de Estremadura, modalidade galaico-portuguesa sobre a que aínda non hai unanimidade acerca de se pode considerarse unha variedade de galego, procedente dos galegos participantes na Reconquista que se asentaron nesa zona, unha lingua diferenciada dentro do subgrupo galaico-Portugués ou un portugués antigo.


Unha enquisa lingüística realizada en 2003 en Cataluña polo seu goberno autónomo revelaba falantes de galego na rexión. A extrapolación poboacional situaba en 61.400 os habitantes cataláns que consideraban ao galego como primeira lingua, 21.000 os que a consideraban lingua propia e 11.300 os que a consideraban lingua habitual.

Nas distintas comunidades galegas da diáspora: as comunidades de galegos en Hispanoamérica, especialmente en Bos Aires (Arxentina), Caracas (Venezuela), Montevideo (Uruguai), A Habana (Cuba), Cidade de México (México), e tamén en Europa, consérvano con bastante precariedade[Cómpre referencia], sendo aproximadamente 500.000 os falantes do galego desas comunidades. En Brasil tamén conservan o galego con xiros e adaptacións do portugués brasileiro.

Galego	
Falado en:	 Galicia  Terra Eo-Navia  O Bierzo  As Portelas  Val de Xálima Diáspora galega
Total de falantes:	2.836.527 (en España, 2007) 4.000.000 aprox. en total
Posición:	160
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Galicia
Regulado por:	Real Academia Galega
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	gl
ISO 639-2:	glg
ISO 639-3:	glg
SIL:	GLG




Mapa cronolóxico que amosa a evolución territorial das linguas do Sudoeste de Europa entre as que aparece o galego.



Lingua inicial segundo a idade (Mapa Sociolingüístico de Galicia 2004)



Competencia lingüística en galego. Datos baseados no Mapa Sociolingüístico de Galicia 2004



Falantes en galego e castelán

Artigo principal: *Historia da lingua galega*.

A lingua galega é unha lingua romance ou neolatina, con influencia léxica pre-celta, celta, éuscara, xermánica, provenzal, castelá (arabismos, prestamos lingüísticos, ortografía moderna e certos trazos fonéticos) e amerindia.

O galego moderno descende do galego-portugués, lingua medieval que evolucionou e deu lugar aos actuais galego e portugués. A lingua galega fálase en Galicia, nos concellos limítrofes dos territorios de Asturias, León, Zamora, en tres concellos extremeños e nas comunidades de galegos emigrantes en Arxentina e Uruguai (máis de tres millóns de emigrantes galegos vivindo naqueles países).

A lingua galega é un romance autónomo para as autoridades lingüísticas oficiais en Galicia, emparentado co portugués, mentres para outros lingüistas aínda hoxe é unha variante co-dialectal do diasistema lingüístico galego-portugués.

A lingua considérase formada arredor do s. IX no que se refire á oralidade, como resultado da asimilación do latín vulgar falado polos conquistadores romanos no s. II dC.

No seu momento foi lingua culta fóra dos reinos de Galicia e Portugal nos reinos veciños de León e Castela. Escribiu en galego, por exemplo, o rei Afonso X o Sabio, as "Cantigas de Santa María". A súa importancia foi tal que se considera a segunda literatura durante a Idade Media, só despois do Occitano.

Recentemente foi achado o documento máis antigo escrito en galego no territorio actual galego que se conserva, o cal data do ano 1228, trátase do Foro do burgo de Castro Caldelas outorgado por Afonso IX en abril do dito ano ao concello de Allariz (Ourense).

O galego-portugués tivo case 700 anos de existencia oficial e plena, pero as derrotas que a nobreza galega sufriu ao tomar partido polos bandos perdedores nas guerras de poder de finais do s. XIV e primeiros do s. XV provoca a asimilación da nobreza galega e a dominación castelá, o que leva consigo unha opresión e unha desaparición pública, oficial, literaria e relixiosa da lingua galega ata finais do s. XIX. Son os chamados Séculos Escuros. O portugués, pola súa banda, gozou durante este período dunha protección e desenvolvemento libre grazas a que Portugal foi o único territorio peninsular que permaneceu alleo ao dominio lingüístico do castelán.

Na actualidade o galego fálano case tres millóns de persoas; é a lingua minorizada con maior comprensión e uso porcentual dentro do Estado Español. É idioma oficial na Nacionalidade Histórica de Galicia (onde o castelán é co-oficial), e tamén se fala na Terra Eo-Navia (Asturias), no Baixo Bierzo (León), nas Portelas (Zamora) e na Serra de Xálama (Cáceres). Así mesmo é a lingua da importante comunidade galega no exterior, espallada por todo o mundo.

Desde o punto de vista reintegracionista, Galicia fala unha lingua que ten 210 millóns de falantes no mundo, coñecida como portugués. Aínda, no chamado galego do continente europeo, deberíamos incluír as falas do norte de Portugal, que conforman un conxunto relativamente unitario de falares no cadro da actual euro-rexión Galicia-Norte de Portugal.

Cada 17 de maio celébrase o "Día das Letras Galegas" dedicado a un escritor nesta lingua (elixido pola Real Academia Galega). O día escollido utilízano os organismos oficiais para potenciaren o uso e o coñecemento da lingua galega.

Posición oficial


A posición sostida pola administración galega e pola conciencia metalingüística da meirande parte da poboación do país é que hoxe galego e portugués constitúen linguas separadas cada unha delas con cadanseu respectivo estándar elaborado por cadansúa institución pero conservando algunhas ligazóns. As normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego son elaboradas pola Real Academia Galega en base aos seguintes criterios de estandarización.

- Ortograficamente son estandarizadas aquelas grafías que teñan meirande presenza na literatura galega durante todos os séculos de produción. Considéranse ilexítimas as minoritarias.*
- A evolución da ortografía galega ao longo da súa literatura constituíuse coma unha ortografía máis fonética que etimolóxica en función das súas necesidades fonéticas coma a ortografía castelá, a portuguesa, a catalá ou a italiana. Só o francés e o inglés poden considerarse linguas de estandarización ortográfica estritamente etimolóxica.*
- No que atinxe á morfoloxía, tómase como referencia o galego central.*
- Son estandarizadas as solucións morfolóxicas maioritarias do galego contemporáneo e aquelas que teñan unha meirande presenza na tradición literaria do idioma. A Real Academia Galega prescinde de solucións morfolóxicas minoritarias, sen tradición literaria, alleas e innecesarias. Dende o 2003 son aceptadas solucións dobres ao atoparen diferentes solucións morfolóxicas que cumpren os requisitos para a estandarización. Adóptase unha visión máis ecléctica do idioma e acéptase o polimorfismo do diasistema lingüístico.*

O idioma portugués está estandarizado seguindo uns criterios distintos:

- A ortografía portuguesa é inspirada na ortografía do occitano produto do Real Decreto de Afonso III de Portugal, alegando motivos estéticos.*
- A morfoloxía do portugués superpuxo o dialecto de Lisboa por riba do resto en todo o territorio, afastándose así das solucións morfolóxicas galegas similares ao material lingüístico das comarcas portuguesas máis norteñas.*
- Dende o punto de vista sociolingüístico os trazos morfolóxicos residuais do actual norte de Portugal son calificados pexorativamente de dialectais ou provincianos e só se conservan na franxa etaria máis avanzada dos seus falantes. Estas formas non foron aptas para a estandarización provocando, eles, un afastamento morfolóxico considerable con respecto ao galego. Hoxe en día, o idioma portugués, lingua de estado durante máis de oito séculos, encóntrase homoxeneizado morfoloxicamente en todo Portugal.*

Uso do galego



Falantes de galego como primeira lingua segundo censos de poboación e vivenda do Instituto Galego de Estatística.

Uso real da lingua galega (2001)							
	Total	Sempre	Ás veces	Nunca			
Total	2.587.407	1.470.836	56'84%	783.780	30'29%	332.791	12'86%
De 5 a 9 anos	101.840	38.329	37'63%	48.651	47'77%	14.860	14'50%
De 10 a 14 anos	122.747	50.891	41'46%	60.430	49'23%	11.426	9'30%
De 15 a 19 anos	156.950	69.760	44'44%	66.343	42'27%	20.847	13'28%
De 20 a 24 anos	207.341	95.008	45'82%	77.044	37'15%	35.289	17'01%
De 25 a 29 anos	213.402	96.059	45'01%	79.586	37'29%	37.757	17'69%
De 30 a 34 anos	201.392	94.785	47'06%	72.506	36'00%	34.101	16'93%
De 35 a 39 anos	193.342	96.992	50'16%	65.641	33'95%	30.709	15'88%
De 40 a 44 anos	191.180	104.074	54'43%	60.615	31'70%	26.491	13'85%
De 45 a 49 anos	174.056	100.166	57'54%	51.965	29'85%	21.925	12'59%
De 50 a 54 anos	168.473	102.227	60'67%	46.607	27'66%	19.639	11'65%
De 55 a 59 anos	163.029	106.103	65'08%	39.920	24'48%	17.006	10'43%
De 60 a 64 anos	135.040	94.459	69'94%	27.844	20'61%	12.737	9'43%
Máis de 65 anos	558.615	421.983	75'54%	86.628	15'50%	50.004	8'95%


Competencia lingüística en galego (evolución)[3]

Data	Entenden	Falan	Len	Escriben
Censo 1991	96'96%	91'39%	49'30%	34'85%
Censo 2001	99'16%	91'04%	68'65%	57'64%

Áreas lingüísticas do galego



Mapa dos bloques e áreas lingüísticas do galego.



Mapa lingüístico do Galego cos bloques lingüísticos, as áreas e as subáreas lingüísticas.



Situación lingüística das provincias de León e Zamora
 Artigo principal: Áreas lingüísticas do galego

Segundo a separación dialectolóxica de Galicia empregada por organismos como a Real Academia Galega (RAG) e o Instituto da Lingua Galega (ILG) existen tres bloques lingüísticos recoñecidos, cada un coas súas particularidades:

- **Occidental**, comprende a parte occidental de Galicia, dende a Costa da Morte ata o río Miño, abarcando as rías Baixas e incluíndo parte da Baixa Limia. Está formado por catro áreas:
 - **Bergantiñá**, comprende a Costa da Morte e Bergantiños, chegando ata os límites coa cidade da Coruña.
 - **Fisterrá**, comprende a costa atlántica dende Cabana de Bergantiños ata Ribeira, chegando ata a cidade de Santiago de Compostela.
 - **Pontevedresa**, comprende as Rías Baixas, dende o río Ulla ata o Miño, incluíndo Pontevedra e Vigo.
 - **Baixo Limiá**, comprende os concellos ourensáns de Entrimo e Lobios.
- **Central**, comprende a maior parte de Galicia, dende as Rías Altas ata Portugal, incluíndo unha pequena parte de Asturias. Está formado tamén por catro áreas:
 - **Mindoniense**, comprende o norte das provincias de Lugo e A Coruña, desde Pontedeume a Ribadeo, incluíndo a cidade de Ferrol e chegando ata á Terra Chá.
 - **Central de transición**, comprende o territorio dende A Coruña á zona do Carballiño e dende Arzúa a Asturias, pasando por Lugo.
 - **Lucu-auriense**, comprende a maior parte das comarcas de Sarria, A Ulloa, Chantada, A Terra de Lemos e parte da dos Ancares.
 - **Oriental de transición**, comprende a zona oeste da provincia de Ourense e unha pequena parte da provincia de Lugo: A Pobra do Brollón, Ribas de Sil e Quiroga.
- **Oriental**, comprende unha estreita franxa do leste de Galicia, incluíndo as zonas onde se fala galego na Terra Eo-Navia, O Bierzo, As Portelas e o Val de Xálima. Está formado por cinco áreas:
 - **Asturiana**, comprende un territorio semellante ao da Terra Eo-Navia.
 - **Ancaresa**, comprende un territorio pequeno nos Ancares leoneses.
 - **Oriental-central**, comprende unha longa franxa oriental de Galicia e parte dos territorios limítrofes.
 - **Zamorana**, comprende a zona das Portelas.
 - **Cacereña**, comprende os tres concellos do Val de Xálima.

Estes bloques están caracterizados pola forma de construír o plural das palabras acabadas en -n, sendo as isoglosas que os delimitan cans/cas (bloques occidental e central, respectivamente) e cas/cais (bloques central e oriental, tamén respectivamente).


O filólogo portugués Cintra, que estudou os dialectos galegos como pertencentes ao diasistema galego-portugués e cuxos traballos son considerados de referencia en Portugal, preferiu separar o territorio galego en dúas áreas: a occidental, que presenta gheada (aspiración da fonema /g/ converténdose nunha /h/ aspirada similar á do inglés) e a oriental, que non presenta este fenómeno.

Fonoloxía

O galego, polo seu carácter periférico, distínguese do resto dos romances polo seu carácter á vez conservador e orixinal. Entre os últimos fenómenos están a queda de -n- e -l- intervocálicos (acontecida nos séculos IX e X) e a evolución de cl- pl- e fl- iniciais latinos e entre os conservadores a sintaxe e a conservación de expresións e fenómenos latinos (como o futuro de conxuntivo, aínda que con outro uso) que desapareceron na maioría dos romances.

Vogais

As vogais galegas.



Os fonemas vocálicos do Galego

Vogais		
Fonema (IPA)	Grafema	Exemplo
/a/	a	nada
/e/	e	tres

/ɛ/	e	ferro
/i/	i	min
/o/	o	bonito
/ɔ/	o	home
/u/	u	rúa

Este é o sistema común a todos os falares galegos excepto a fala de Estremadura, que presenta 5 vogais como o castelán.

Ditongos



Vocabulario Castellano-Gallego das Irmandades da Fala

Os ditongos decrecentes do galego son os seguintes:

- /ai/ (ex. laborais)
- /au/ (ex. causa)
- /ei/ (ex. conselleiro)
- /eu/ (ex. defendeu)
- /iu/ (ex. viviu)
- /oi/ (ex. escoitar)
- /ou/ (ex. Ourense)
- /ui/ (ex. puido)

Os ditongos crecentes son:

- /ia/ (ex. diante)
- /ie/ (ex. ciencia)
- /io/ (ex. cemiterio)
- /iu/ (ex. triunfo)
- /ua/ (ex. lingua)
- /ue/ (ex. frecuente)
- /ui/ (ex. lingüista)
- /uo/ (ex. residuo)

Consoantes

As consoantes existentes no galego son: b, c, d, f, g, h, l, m, n, ñ, p, q, r, s, t, v, x, z.

A pesar de que nos dicionarios pódense atopar tamén as letras j, k, w, y; estas non son propias do idioma e só se utilizan en extranxerismos aceptados pola normativa.

Existen ademais estes dígrafos: rr, ch, ll, nh, qu, gu; con sons diferentes a cada unha das letras por separado.

Existe tamén o dígrafo gh que se corresponde co fonema farínxeo fricativo xordo, pero o seu uso é exclusivo da lingua oral das variantes occidentais e só aparece na lingua escrita para transcribir unha mensaxe en forma oral. Así, en varias zonas de Galicia aparecen fenómenos chamados gheada e seseo, que en si non son erros, senón que a RAG permíteos alegando así unha maior riqueza na fala galega.

Consoantes do galego

	Bilabiais		Labiodentais	Dentais		Alveolares		Pós-alveolares	Palatais	Velares	
Realización	xorda	sonora	xorda	xorda	sonora	xorda	sonora	xorda	sonora	xorda	sonora
Oclusivas	p	b		t	d					k	g
Nasais		m					n		ɲ		ŋ
Fricativas			f	θ	ʃ	s		ʃ			
Africadas								tʃ			

Laterais					l		ʎ	
Tepes					r			
Vibrante					r			

† Este fonema esta presente só nos dialectos galegos non seseantes, aqueles que pronuncian pazo de forma ben distinta de paso.

Función normativizadora

Reintegracionismo

Así e todo existe unha postura que mantén que o galego non é unha lingua nin separada nin afastada do portugués, senón un outro dialecto do sistema galego-portugués. Trátase do reintegracionismo, e aínda existe tamén unha outra postura, o lusismo, que afirma que o galego e o portugués son a mesma lingua.

Institucións relacionadas



- RAG, Real Academia Galega.
- ILG, Instituto da Lingua Galega.
- Consello da Cultura Galega

Asociacións relacionadas

- AGAL, Associação Galega da Língua.
- MNL, Mesa pola Normalización Lingüística.

Referencias

1. ↑ *Estadística d'usos lingüísticos a Catalunya 2003*
2. ↑ *Plan Xeral de Normalización da lingua galega*
3. ↑ *Plan Xeral de Normalización da lingua galega*

Véxase tamén

- *Literatura galega*
- *Galería de sons da lingua galega*
- *As preposicións galegas*
- *Perífrases verbais galegas*
- *Listaxe de substantivos latinos neutros e a súa correspondencia actual*
- *Listaxe de palabras galegas co seu étimo latino*
- *Listaxe de étimos e os vocábulos galego-portugueses correspondentes*
- *OpenTrad, tradutor galego - castelán*
- *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*
- *Curso de lingua galega nos Galilibros*
- *Exercicios sobre léxico galego en Wikilibros*
- *Exercicios sobre morfosintaxe galega en Wikilibros*

Ligazóns externas

- *Real Academia Galega*
- *Secretaría xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia*
- *Mesa pola Normalización Lingüística*
- *Associaçom Galega da Língua*
- *A mesa prá Defensa del Galego de Asturias e da Cultura da Comarca*
- *Fala Ceibe, colectivo pola normalización do galego no Bierzo*
- *Loia, web informativa sobre a lingua galega.*
- *Documental sobre o galego no Bierzo, As Portelas e Terra Eo-Navia.*